

GZ.I Galiza Internacional



Introdución

Desde a súa fundación e 1982, o BNG, como organización nacionalista, defende o dereito de todos os pobos a exercer libremente o dereito de autodeterminación para poderen avanzar no camiño da emancipación social en base ao respecto mutuo

entre pobos. O BNG tamén se declara, necesariamente, antiimperialista e internacionalista.

O BNG defínese nos seus principios políticos como unha forza pacifista, pois entende como prioridade a defensa da Paz mundial, o desarmamento e a disolución dos bloques militares agresivos e avoga pola resolución pacífica e democrática dos conflitos internacionais.

No actual contexto marcado pola emerxencia unha nova orde mundial e deriva belicista do imperialismo estadounidense que perde hexemonía fronte ao xurdir dun mundo cada

vez máis multipolar caracterizado pola defensa da soberanía nacional, a solidariedade internacionalista resulta máis importante do nunca para combater o auxe global da ultra dereita conservadora que ameaza con arrebatarse os dereitos gañados a pulso polos pobos ao longo da historia.

Difundir o noso traballo internacionalista e, ao mesmo tempo, difundir as loitas que teñen lugar na nosa nación, xunto coas vitorias acadadas, contribúe a estreitar os lazos de solidariedade baseados no coñecemento, respecto e apoio mutuos.

GALIZA

Un intenso ano electoral no que o nacionalismo galego segue avanzando

O pasado ano foi especialmente intenso no plano electoral. Primeiro, as municipais, en que o BNG logrou un excelente resultados ampliando o número de cogobernos e alcaldías nacionalistas, entre elas a capital Santiago de Compostela e a cidade de Pontevedra, seguido pola reelección de Néstor Rego como deputado en el Parlamento español e o nomeamento de Carme da Silva como senadora. Despois, as históricas eleccións galegas en que un/ha de cada tres galeg@s depositou a súa confianza no BNG, pasando de 19 a 25 deputad@s. O ciclo culminouse coa reelección da eurodeputada Ana Miranda. Como recalcou a Portavoz Nacional, Ana Pontón, no Día da Patria Galega, o BNG é unha forza en alza, sen teito, xa consolidada como a primeira forza en incidencia social e política e a única que defende os intereses de Galiza e que vai seguir facendo historia, defendendo os



intereses do pobo galego desde a rúa até as institucións.

Para máis detalles, véxanse os boletín especiais:

ESPAÑOL



PORTUGUÉS



INGLÉS



Estamos fart@s de ser unha colonia!

Na Galiza estamos a vivir unha nova ofensiva de espolio dos nosos recursos naturais e enerxéticos. Esta ofensiva ten un claro carácter colonial, realizándose en beneficio de Madrid e sendo propiciada descaradamente por parte do goberno servil do Partido popular na Xunta que funciona como auténtico axente comercial para grandes multinacionais.

A implantación de enormes parques eólicos terrestres e agora tamén marítimos, o proxecto das empresas Altri-Greenalia para a implantación dunha macrocelulosa na comarca da Ulloa ou a ameaza da reapertura da mina Touro-O Pino son algúns dos exemplos deste espolio colonial.



Ao igual que o pobo galego foi quen de paralizar a construción dunha central nuclear en Xove nos anos oitenta e, máis recentemente, a mina de cobre en Touro (agora, con nova ameaza de reapertura) ou a mina de

ouro de Corcoeste, ficamos en alerta permanente para reaccionarmos ante calquera novo proxecto que atenta contra os intereses ambientais e socioeconómicos da Galiza.

Multitudinario Día da Patria

Milleiros de galeg@s tomaron as rúas da capital de Compostela para tornar realidade o lema escollido para o Día da Patria Galega deste ano, 'A forza deste País', o primeiro que se celebra após os históricos resultados electorais do BNG, coincidindo co 40 aniversario da reconquista da central Praza da Quintana tras anos de prohibición.

As máis de 20.000 persoas que ateigaron a praza aplaudiron fervorosamente as palabras da Secretaria Xeral de Galiza Nova, Marta Gómez, e a Portavoz Nacional do BNG, Ana Pontón, nunha clara mostra de que o BNG é unha forza en pleno auxe, sen límites. Acompañáronnos neste día de singular importancia delegacións internacionais da

Alianza Libre Europea, Més per Mallorca, Més per Menorca (Balears), a Unión Democrática Bretoa e War-Sav (Bretaña), o Partido Comunista do Brasil e o Partido dos Traballadores (Brasil), Ahora Canarias (Canarias), Candidatura d'Unitat Popular, Comunistes de Catalunya, Esquerra Republicana de Catalunya, Junts per Catalunya e Poble Lliure (Catalunya), Partido Democrático dos Pobos (Curdistán), Alternatiba, EH Bildu, Eusko Alkartasuna e o Partido Nacionalista Vasco (Euskal Herria), a Fronte Popular para a Liberación da Palestina (Palestina), o Bloco de Esquerda e o Partido Comunista Portugués (Portugal), a Fronte Polisario (Sáhara Occidental), o Partido Comunista de Uruguai (Uruguai) e Més-Compro-

mís (País Valencià), xunto cos Consules Xerais da República de Cuba e da República Bolivariana de Venezuela.



As celebracións completáronse co tradicional Festigal, o xa icónico escaparaté da música, cultura e pensamento nacionalista galego organizada conxuntamente pola Fundación Galiza Sempre e as mocidades do BNG, Galiza Nova, que se fai posíbel todos os anos grazas ao compromiso abnegado de centos de militantes e simpatizantes. Os coloquios que se desenvolveron ao longo da tarde contaron coa presentación dun libro de artistas galeg@s dedicado á solidariedade entre os pobos galego e palestino e unha mesa redonda que analizou as claves do avance da extrema dereita en Europa moderada pola eurodeputada do BNG, Ana Miranda, coa participación de Pierre Imbert, militante da UDB e Miguel Urbán, autor de *Trumpismos: Neoliberales y Autoritarios. Radiografía de la derecha radical*.





Na Galiza en galego!

O compromiso para coa defensa dos nosos dereitos lingüísticos forma parte do ADN do BNG, participando, pois, con faixa propia na manifestación nacional convocada pola plataforma Queremos Galego! o 17 de maio con motivo do Día das Letras Galegas baixo o lema 'Galego vivo, Galiza viva'. Na concorrida manifestación, milleiros de persoas encheron as rúas da capital de maneira pacífica e festiva para mostraren o seu amor polo galego e para reivindicaren os nosos dereitos lingüísticos ante os continuados ataques por parte dun goberno galego que non dubida en incumprir sistematicamente a lexislación vixente nun afán de impor a súa axenda españolizadora e negadora da nosa identidade como pobo con lingua propia. Nunca renunciaremos a loitar a prol do noso idioma, pois, en palabras da Portavoz Nacional: "O noso orgullo por ter unha lingua propia é o que nos fai estar no mundo con voz propia."

Selección galega xa!

O deporte en xeral forma parte integral da vida social de calquera pobo, destacando o fútbol polo alcance da súa afección. Para alén do seu valor puramente deportivo, como calquera fenómeno social, o deporte tamén ten unha faceta ineludiblemente política, pois ter unha selección nacional que poida competir en pé de igualdade

coas outras nacións do mundo reviste unha importancia simbólica capital. Así, pois, o BNG apoiou a campaña desenvolvida pola plataforma Vía Galega, axudando a difundir a recollida de sinaturas a prol dunha selección galega e participando na masiva manifestación que percorreu as rúas da cidade principal de Vigo



A CIG consolídase como primeira central sindical da Galiza

A Confederación Intersindical Galega (CIG), sindicato nacionalista e de clase, vén de consolidarse no último período de eleccións sindicais como primeira organización en canto a número de representantes nos centro de traballo, obtivo un total de 5.131 delegados e delegadas e o 31,05% da representación total, aumentando en 589 delegados e delegadas e 1,59 puntos ao respecto de hai 4 anos. A CIG que practica un modelo sindical comprometido, combativo e non pactista, aumentou, ademais, a distancia ao respecto das organizacións sindicais de obediencia española.

Desde o BNG, celebramos eses resultados da ferramenta fundamental da nosa clase traballadora, que é, ademais, a primeira de Galiza en canto a número de afiliados e afiliadas e en canto a capacidade de mobilización.



con motivo do partido do 31 de maio que se disputou entre Panamá e a equipa Irmandiña que regresou ao campo de Balaídos dun parón de 8 anos. O BNG seguirá defende que, como calquera outro país, Galiza teña selección nacional que poidan competir internacionalmente en todas as disciplinas deportivas.



Desde o Río até o Mar, Palestina vencera!

O histórico compromiso do BNG coa causa da liberación nacional do pobo palestino, denunciando o xenocidio perpetrado desde hai 76 anos polo ilexítimo réxime sionista de Israel é inquebrantábel. “Cantos mortos máis teñen que producirse para poñer fin ao xenocidio, que máis ten que pasar para que Europa deixe de ser comparsa dos Estados Unidos, da OTAN e do estado criminal de Israel?”, preguntou a Portavoz Nacional no seu discurso do Día da Patria. Neste sentido, participamos nas concentracións e outras manifestacións convocadas ao longo da Galiza, organizamos palestras divulgativas, presentamos mocións nos concellos, e nos Parlamentos español e europea. En febreiro, a eurodeputada, Ana Miranda, viaxou até o paso de Rafah para denunciar o xenocidio do pobo palestino coa complicidade de Occidente e a Unión Europea e para reclamar cesar fogo inmediato. O membro da Executiva Nacional, Bieito Lobeira, embarcou na Coruña Flotilla no Handala, parte da Flotilla da Liberdade organizada por Rumbo a Gaza, cuxa súa tripulación foi recibida pola Vice-presidenta do Parlamento galego e deputada polo BNG, Montse Prado.

Breves

Como todos os anos, representantes do BNG participaron nas celebracións da Diada Nacional de Catalunya e Aberri Eguna de Euskal Herria e, así como na Convención do Bloco de Esquerda, no Ardfheis do Sinn Féin e na conferencia internacional Vías para a independencia na Europa 2024: recuperar a identidade, tomarse unha nación organizada por Trinacria (Sicilia)

Enviou unha mensaxe de solidariedade ao pobo kanak ante a brutal represión colonial que está a sufrir a mans do colonialismo francés. Tamén se felicitou Tāvini Huirā atira polos magníficos resultados nas eleccións territoriais da Polinesia, así como o Plaid Cymru (País de Gales) e Sinn Féin polos resultados nas pasadas eleccións no Reino Unido.

Solidariedade co pobo saharauí

No pasado mes de xullo, a deputada do BNG e Vicepresidenta do Parlamento Galego, Montse Prado, integrou unha delegación galega que se trasladou aos campamentos saharauís de Tinduf. O obxectivo desa delegación era organizar o traslado de preto de 300 nenos e nenas do programa Vacacións en Paz a Galiza para que non teñan que soportar as duras condicións e temperaturas que chegan a superar os 50°C nos meses de verán nos campamentos. As autoridades saharauís, encabezadas polo presidente da República Árabe Saharauí Democrática, Brahim Ghali, recibiron unha recepción oficial á delegación galega, agradecendo o compromiso do noso pobo coa causa pola independencia e o dereito a construír un estado no seu propio territorio.



Eleccións en Venezuela

En xullo, o Presidente da Fundación Galiza Sempre, Rubén Cela, e a Vice-presidenta do Parlamento da Galiza, Montse Prado, ambos membros da Executiva Nacional do BNG, participaron no Encontro con Acompañantes con motivo das eleccións presidenciais en Venezuela, xunto con observador@s de 107 países e 5 continentes, uns comicios en que non só está en xogo quen vai presidir o país, senón dous modelos diametralmente opostos, tanto no plano doméstico como no internacional, nun combate en que se opoñen a defensa da soberanía e a multipolaridade ao imperialismo e a inxerencia.

Webs:



[BNG](#)



[GN](#)



[FGS](#)

Bloque Nacionalista Galego (BNG)

Avenida Rodríguez de Viguri 16 baixo, 15702 Santiago de Compostela (Galiza)
e-mail: sedenacional@bng.gal Tel.: + 34 981 555 850

[Facebook](#)

[X](#)

[YouTube](#)

[Instagram](#)

[Flickr](#)